

CELEBRACIÓN DO DOMINGO EN OS COTOS

19-20 de xaneiro do 2019

II DOMINGO DO TEMPO ORDINARIO



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
CO POBO DE SIRIA QUE SOFRE UNHA GUERRA INXUSTA,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE
E COA NATUREZA MALTRATADA POLOS INCENDIOS



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

CANTO 🎵 *nº 4 Amigos nas penas e na festa amigos*
SAÚDO DE BENVIDA

Celebrante

Benvidos sexamos todos a este encontro. Reunímonos en comunidade no nome do Pai, e do Fillo e do Espírito Santo.

Despois do Nadal volvemos na liturxia ao tempo ordinario. Agora é o tempo de por en práctica todo o vivido con Deus Neno: as ilusións, os propósitos, os proxectos para este novo ano.

Como escoitaremos no evanxeo, María segue sendo exemplo para nós. Ela está atenta ás necesidades dos outros, representados nos noivos, e comprende a súa situación polo que busca solucións na persoa de Xesús. Este vai transformar a auga da tristura, da soidade, da incompreensión, de calumnias, de desprezo... en viño novo de comprensión, de diálogo, de paz e de alegría.

Coma comunidade de Os Cotos queremos neste ano seguir amosando a nosa solidariedade con todos os refuxiados. Queremos ser para eles “igreja de esperanza e compromiso” co viño novo que nos dá Xesús.

ACTO PENITENCIAL

Celebrante: *Na vida de cada día, con demasiada facilidade nos deixamos levar polas desesperanzas, e parécenos que nada podemos facer, por iso imos agora pedir perdón.*

- ✓ Porque moitas veces afogamos a vida nas augas da tristura, da soidade, das aparencias.

SEÑOR, AMÓSANOS O TEU CAMIÑO

- ✓ Porque moitas veces cremos que no mundo nada se pode cambiar, que non temos nada que facer, que non contamos para nada. Que nunca poderemos transformar a auga en viño.

CRISTO, AMÓSANOS O TEU CAMIÑO

- ✓ Porque moitas veces o único que facemos é queixarnos en vez de preocuparnos e dar unha man a quen a necesita.

SEÑOR, AMÓSANOS O TEU CAMIÑO

Celebrante: *Deus todopoderoso teña piedade de nós, dos que teñen un lugar na nosa vida, de todos os que sofren e están desesperados. A todos nos conceda o perdón dos pecados e nos leve á vida eterna. Amén*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: Rematamos a primeira parte da celebración presentando no silencio o que rebule no noso interior; damos grazas polas persoas que están atentas e preocupadas polos demais.

(silenzo)

Deus, Noso Pai,
cheo de tenrura e misericordia,
ti que te achegas a nós,
escoita con bondade as súplicas do teu pobo
e axúdanos a medrar na paz do teu Fillo Xesús.
Pedímoscho por El, Xesucristo, noso irmán,
que vive e reina por sempre eternamente. Amén.

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante: *Dispoñémonos agora a escoitar a Palabra de Deus que hoxe nos di que para axudar todos somos necesarios, todas as mans son boas. As de María e as de Xesús leváronos a axudar a unha parella de recién casados. As nosas tamén serven.*

No Leccionario I – C páxina 172 **LECTURA**

LECTURA DA CARTA DO APÓSTOLO PAULO AOS CORINTIOS

♪ *nº Unha xuntanza de amor estrofa 1* **SALMO**

(en pé) No Leccionario I – C páxina 173 **EVANXEO**

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO XOÁN

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a Palabra no corazón

PROFESIÓN DA FE

Celebrante: *Neste encontro parroquial damos resposta da nosa fe, do noso querer ser solidarios, do noso querer dar unha man a todas as persoas que sofren e están desesperadas. Dicimos:*

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Monitor/a

Credes en Deus Pai, que ama a todos sen diferenza e que nos convida a facer un mundo máis solidario e de irmáns?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes en Xesús, que nos convida a seguir os seus pasos, e que nos quere dando unha man transformando a soidade en compañía, a tristura en ledicia, o desprezo en acollida?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes no Espírito de Deus que nos alenta a colaborar, construíndo unha sociedade que axude a vivir en paz e en igualdade?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes na igrexa, comunidade que necesita das nosas mans e dos nosos compromisos?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

(en pé) ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: *Movidos pola fe que compartimos, imos rezar xuntos como comunidade acordándonos de cantos sofren. Dicimos:*

SEÑOR, AXÚDANOS A COMPARTIR.

Monitor/a

1. Polos homes, mulleres, nenos e nenas que sofren as consecuencias da falta de pan e de paz. Oremos
2. Pedimos por todas as persoas que viven estes días dando unha man a cantos buscan dignidade sabéndose refuxiados. Oremos
3. Pola nosa comunidade de Os Cotos, para que sexa o compartir, e non o ter, o raseiro polo que medimos aos demais. Oremos
4. Por todos nós, para que aprendamos que o amor e a solidariedade son desexo de Xesús para vencer as soidades, as desesperanzas e os fracasos. Oremos
5. Polas persoas que teñen responsabilidades nos gobernos, para que convertan a auga do desacougo, da tristura, do paro, da violencia de xénero... en viño novo de dignidade, paz e xustiza. Oremos

Celebrante: *Grazas Señor porque hoxe acolles as nosas preocupacións e desexos axudándonos a vivir na responsabilidade de ser testemuñas do evanxeo dando unha man, Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén.*

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: Con total liberdade, comprometéndonos co Deus que é Pai, e querendo ser solidarios no pan de cada día, rezamos coma Xesús nos aprendeu
NOSO PAI ...

SIGNO DA PAZ

Celebrante As nosas mans tendidas uns pra os outros expresan o noso compromiso de compartir amizades, parroquia, familia. A man que ofrecemos non é pra ter senón para “dar e compartir”. Démonos como irmáns a paz.

CANTO ♪ n° 38 *Que medre a paz na nosa terra*

COMUÑÓN

Celebrante: A mesa da Eucaristía é compartir a mesa da vida. Participar hoxe é comprometerse para medrar no camiño de solidariedade que nos propón Xesús.

Ditosos nós, convidados hoxe arredor desta mesa para saborear este pan do Señor.

CANTO n° 58 *Acharte presente na vida*

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante

Señor, seguros da túa bondade pedímosche que acollendo con fe as túas palabras sexamos capaces de dar froitos de paz e xustiza, e que os demais poidan contar coas nosas mans de irmáns. Pedímoscho a Ti que vive e reina con nós por sempre eternamente. Amén.

O Señor está ao lado dos que precisan axuda, como os noivos do Evanxeo. Converte á súa preocupación e tristura en ledicia.

Hoxe son moitos os que tamén precisan axuda, comprensión e amor.

Que os que intentamos ser cristiáns de verdade non deixemos nunca de seguir o exemplo de Xesús e dar unha man a quen precisa de nós.

Avísase das misas (ver folla do mes).

Que teñamos un bo día, unha boa semana, e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal e nos leve á vida eterna. Amén